

ANEXO VII-A

PROGRAMA DE

HABILIDADES

SOCIAIS

(PLAN DE CONVIVENCIA)

CEIP SERRA VINCIOS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN- XUSTIFICACIÓN

2. OBXECTIVOS

3. CONTIDOS

4. METODOLOXÍA

5. ACTIVIDADES

6. AVALIACIÓN

7. UNIDADES DIDÁCTICAS

7.1. UNIDADE 1

7.2. UNIDADE 2

7.3. UNIDADE 3

8. ANEXO

1. INTRODUCCIÓN – XUSTIFICACIÓN

Enténdese por habilidades sociais un conxunto numeroso e variado de conductas que se poñen en xogo en situacións de interacción social, é dicir, en relacións nas que hai que relacionarse con outras persoas. Cando falamos de habilidades sociais, estámonos a referir a *“un conxunto de cognicións (o que penso), emocións (o que sinto) e conductas (o que digo ou fago) que permiten relacionarse e convivir con outras persoas de forma satisfactoria e eficaz”*. Inés Monjas *“Como promover la convivencia: programa de asertividad y habilidades sociales”*

Base legal

Atendendo ao establecido na **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 19 *“Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado, que como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro”*

Unha das innovacións da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, no seu intento de aproximación aos obxectivos educativos plantexados pola Unión Europea, son as competencias básicas, entendidas como a forma na que calquera persoa emprega os seus recursos persoais (habilidades, actitudes, coñecementos e experiencias) para actuar de maneira activa e responsable na construción dun proxecto de vida tanto persoal como social.

Con este programa de habilidades sociais traballamos estas competencias básicas, máis concretamente a competencia social e cidadá, xa que forma parte fundamental desta competencia aquelas habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e

intereses forma parte da convivencia, resolvelos con actitude constructiva e retomar decisións con autonomía, empregando, tanto os coñecementos sobre a sociedade, como a escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade.

Polo tanto, as relacións sociais apréndense mediante as interaccións cos demais. Pero, moitas veces os contextos sociais actuais non favorecen espazos nin tempos para iso. A escola, como sistema social subsidiario, asume a ensinanza das capacidades que non se adquiren nos procesos naturais.

Moitos dos problemas de convivencia teñen a súa orixe na falta de habilidades sociais, por iso propoñemos un programa para desenvolverlas e mellorar a convivencia e que se levará a cabo dentro da intervención titorial, froito do consenso e compromiso do profesorado do centro educativo.

2. OBXECTIVOS

Obxectivo principal

- Coñecer os compoñentes da comunicación humana e manexar adecuadamente as habilidades sociais básicas.

Obxectivos específicos

- Diferenciar os estilos de comportamento.
- Comprender a utilidade de canalizar os propios sentimentos para que exista unha comunicación efectiva.
- Empregar o xuízo ético, baseado en valores e prácticas democráticas para afrontar a convivencia e os conflitos.
- Aprender distintas técnicas que facilitan a comunicación asertiva.
- Dar importancia aos compoñentes non verbais que se producen na comunicación.
- Entender as diferentes habilidades sociais básicas e a súa aplicación práctica.

- Diferenciar os contextos onde se produce a comunicación dentro do centro escolar e saber controlar o modo de dirixirse aos demais en cada un deles.
- Adquirir conciencia dalgunhas habilidades sociais máis avanzadas.

3. CONTIDOS

Os contidos que compoñen este programa agrúpanse en 3 bloques:

- Normas de convivencia
- Educación emocional
- Traballo cooperativo

A partir destes contidos xerais, xorden outros contidos máis específicos que se recollen nas unidades didácticas.

4. METODOLOXÍA

O programa de habilidades sociais está dirixido a todo o grupo co obxectivo da prevención primaria. Canta máis prevención primaria fagamos, menos intervención posterior teremos que facer. Ademais se queremos enfocar a convivencia nun grupo e mellorar as relacións interpersoais, hai que dirixirse a todo o grupo, non só aos alumnos ou alumnas problemáticos, xa que non se trata de impoñer unhas determinadas normas de disciplina a estes alumnos senón de ir logrando un modelo de convivencia cooperativo, en onde as variables de personalidade sirvan para beneficiar ao grupo e non para prexudicalo. Así, os alumnos máis conciliadores e partidarios de axudar poderán simpatizar cos máis conflictivos e modelar condutas de forma natural, constructiva e humanitaria, que lograrán aumentar a autoestima daqueles alumnos cuxa actitude valorativa de si mesmos sexa máis negativa.

A metodoloxía que se propón para o logro das habilidades sociais é a seguinte:

- A nivel de centro: xuntanzas mensuais para a presentación de materiais e seguimento do proceso.
- A nivel de equipo docente: que os equipos de ciclo se reúnan para determinar as actividades que van a desenvolver nas súas aulas, adaptando as actividades propostas e/ou deseñando outras novas.
- A nivel de aula: realizar as actividades seleccionadas, a ser posible, integrándoas na rutina da clase.

Dado que o obxectivo é conseguir crear hábitos é necesario realizalas moitas veces, é dicir, incorporalas ás rutinas dos alumnos.

Unha vez conseguido o obxectivo se fará un seguimento da súa permanencia.

Os **métodos de traballo** que vamos a seguir serán eminentemente prácticos, traballando con dous tipos de ferramentas:

- en 1º lugar as dinámicas de grupo
- e en 2º lugar algunhas técnicas de entrenamiento en habilidades sociais, como por exemplo:
 - **O modelado**: é a representación por parte do educador dunha situación social que require poñer en práctica a habilidade a entrenar cos pasos condutuais que a compoñen.
 - **O xogo de roles**: o suxeito, unha vez percibida a utilidade da habilidade representada para a súa vida real, reproduce da forma máis fiel posible o rol que se lle asignou.
 - **A retroalimentación**: realizarase tanto por parte do educador como dos compañeiros e será fundamentalmente positiva xa que os comentarios se acompañarán de mensaxes constructivas, polo que na práctica, o plantexamento convértese nun reforzamento.
 - **Transferencia e mantemento**: a transferencia refírese á xeneralización das condutas aprendidas, e o mantemento á persistencia desas condutas ante as distintas situacións que en diferentes contextos poden darse. Esta última parte realizarase a través do seguimento semanal do alumno no centro.

É importante, que antes da posta en práctica do programa, o titor/a en colaboración co orientador/a, negocie os distintos puntos do mesmo co alumnado, converténdose así a

negociación nun elemento esencial da interacción social fundamental para unha adecuada comprensión das relacións interpersonales e intergrupais. Facéndolle comprender así aos alumnos que o obxectivo de poñer en marcha dito programa de habilidades sociais vai encamiñado á mellora da convivencia na aula e/ou no centro e que é transferible aos distintos ámbitos sociais.

En síntese, a ensinanza – aprendizaxe dunha habilidade de interacción social contempla os seguintes puntos:

- 1) presentación verbal e diálogo en torno a habilidade a traballar.
- 2) Instrución verbal dos pasos conductuais que conforman a habilidade.
- 3) Demostración de cómo se pon en xogo a habilidade.
- 4) Provisión de oportunidades de ensaio e practicar a habilidade baixo a supervisión do profesorado en situacións artificiais e en situacións naturais.
- 5) Información de cómo foi a práctica
- 6) Reforzamento pola execución adecuada e polas mellorías
- 7) Diálogo, debate e reflexión final
- 8) Planificación de oportunidades para practicar a habilidade en situacións novas, non directamente supervisadas polo profesorado.

Esta secuencia de procedementos non é ríxida, o que se presenta é a orde lóxica, pero pode facerse outro se se estima convinte.

5. ACTIVIDADES

A intención educativa que promove a aprendizaxe dos alumnos e alumnas concrétese nunha serie de actividades que desenvolven dito proceso de ensinanza – aprendizaxe, polo que a continuación presentarase unha serie de actividades coas que se pretende conectar ao máximo coas necesidades e intereses do alumnado.

As actividades deben ser en todo momento:

- Motivadoras e interesantes para o neno e a nena, que conxionen coa súa realidade, á vez que significativas para que centren toda a súa atención.

- Deben estar acorde coas características persoais do alumnado para acadar o éxito á vez que maduran e seguen crescendo.
- Deberán favorecer a relación alumno – alumno, alumno – mestre, a través dun ambiente dinámico e motivador no que se sintan responsables e protagonistas da súa acción, de forma que teñan para o neno ou nena un valor de recompensa positivo.
- Considéranse, tamén, os tres bloques de contidos que se van a traballar dentro deste programa de habilidades sociais.

Clasificaranse as actividades atendendo a dous criterios: o agrupamento de alumnos e alumnas e a súa temporalización.

➤ **Atendendo ao agrupamento do alumnado:**

- Actividades individuais: aquelas nas que o alumnado traballa individualmente nun exercicio determinado.
- Actividades de pequeno – grupo: nestas actividades, dividirei aos alumnos e alumnas en subgrupos, fomentando a interacción e a relación cos compañeiros e compañeiras.
- Actividades de grupo – aula: nas cales participarán todos os alumnos e alumnas da aula nun mesmo tempo e asunto.
- Actividades de gran grupo: nas que participan todos os alumnos e alumnas do centro escolar. Para que este tipo de actividades teña un bo valor didáctico, será fundamental traballar o contido, previamente na aula con grupos máis reducidos.

➤ **Atendendo á temporalización:**

- Actividades iniciais: coas que se pretende promover o interese e a participación do alumnado, recompilando información sobre os seus intereses, coñecementos previos e nivel de desenvolvemento.
- Actividades de desenvolvemento: conxunto de actividades coas que o neno e a nena descubra, organice e relacione os coñecementos adquiridos.
- Actividades finais: co fin de afianzar os coñecementos e habilidades adquiridas e que servirán como técnicas de avaliación do proceso. Dentro de estas inclúense tamén as actividades de reforzo, ampliación e consolidación.

É preciso habilitar espazos e tempos tanto para as actividades que se desenvolvan dentro da aula como para aquelas que impliquen unha organización por grupos lonxitudinais de infantil a 6º de primaria. Faise mención especial a estas últimas pola importancia que teñen para evitar rencillas e competitividade entre diferentes cursos e niveis e para aumentar a colaboración cos outros alumnos fóra da aula, fomentando a axuda e respecto entre alumnos de distintas idades e permitindo analizar as relacións establecidas entre os distintos grupos que compoñen a comunidade educativa.

En determinadas situacións e con determinados alumnos haberá que intervir parellamente con programas de modificación de conducta.

6. AVALIACIÓN

Ó longo da posta en práctica deste programa, realizaranse tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** serve para recoller información sobre alumnos e alumnas (características, intereses, coñecementos previos, o tipo de relacións establecidas entre eles, o coñecemento das características das do grupo, así como os posibles desaxustes emocionais e sociais...). Será o punto de partida da práctica educativa. Realizarase a través da observación directa, entrevistas, anecdotarios, etc.
- **Avaliación continúa:** realizarase ao longo do curso escolar a modo de seguimento da evolución das capacidades do alumnado para que sirva como instrumento de información para as familias e o docente. Algúns rexistros utilizados para dito seguimento serán: os rexistros de observacións individuais, os rexistros de actividades, entrevistas, etc.
- **Avaliación final:** entendida como a historia resultante de todas as observacións feitas a través da avaliación continua. A través dela detectaremos as capacidades adquiridas para lograr os obxectivos propostos, os tipos de procesos de actividades que requiren apoio individual e os intereses e dificultades.

Ademais, para realizar un bo seguimento de cada alumno e alumna realizarase unha **avaliación ao final de cada unidade didáctica** para establecer se se acadaron os obxectivos didácticos e as competencias básicas propostas.

Tamén será fundamental, a **avaliación da práctica docente** durante o proceso de ensinanza – aprendizaxe no relativo a obxectivos e contidos plantexados, a adquisición das competencias básicas, actividades propostas e metodoloxía empregada, a organización espazo – temporal, materiais elixidos, participación dos alumnos e alumnas así como da familia, introdución da educación en valores, autoavaliación.

7. UNIDADES DIDÁCTICAS

7.1. UNIDADE DIDÁCTICA 1: PORTAMOS BEN!!!

Xustificación

É un tema importante para incluír neste programa, xa que o desenvolvemento de normas que rexen unha convivencia pacífica e democrática, así como a prevención e resolución de conflitos, sempre dende o diálogo e a negociación, son aspectos importantes á hora de crear un contorno escolar pacífico.

Obxectivos didácticos

- Adquirir conceptos tales como norma, convivencia, tolerancia, respecto.
- Discriminar, respectar e adquirir normas de convivencia.
- Concretar exemplos nos que o comportamento humano inflúe de maneira positiva ou negativa.
- escoitar, iniciar e manter unha conversa.
- Respectar aos compañeiros.
- Observar a importancia de todos os membros do grupo para un fin común.
- Adquirir habilidades básicas para a resolución pacífica de conflitos e ter unha actitude positiva para a mellora das relacións.

Contidos

- As normas de convivencia.
- Tolerancia.
- Respecto.
- Conductas positivas e negativas.
- Resolución de conflitos.
- O diálogo.

Metodoloxía

Organización espazo – temporal

Esta unidade didáctica, levarase a cabo durante o 1º trimestre do curso, de forma transversal (rutinas aula, momento resolución conflitos...) e tamén dedicando unha hora semanal específica.

Polo tanto levaranse a cabo aproximadamente, 10 sesións de 50 minutos cada unha.

O espazo destinado para a realización destas sesións, será decidido polo mestre titor que a leve a cabo, pero na maioría dos casos será a aula do grupo onde se vai traballar.

Agrupamentos:

Á hora de realizar os agrupamentos, organizaranse de modo que sexan flexibles e respondan ao obxectivo e tipo de actividade que pretende levarse a cabo. Hase de ter en conta que os agrupamentos deben estar pensados para atender á diversidade, posto que favorecerá a integración dos alumnos (agrupamentos en forma de U invertida, grupos móbiles e flexibles...).

Recursos:

- Pizarra
- Xices
- Fichas de actividades

- Ordenadores.
- Retoproxector
- Bolígrafo, lapis e goma.
- Cores.
- Caderno de clase.

Actividades didácticas

Actividades tipo

ACTIVIDADES INICIAIS

- Actividades de presentación
- Facer un sociograma.
- Asemblea, choiva de ideas sobre os distintos conceptos a tratar.
- Buscar palabras clave deste tema no diccionario, google...

ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO

- Actividades impresas sobre os contidos a traballar
- Elección das normas da aula
- Xogos onde se traballe a tolerancia, o respecto... (ver anexo 1)
- Lectura dun conto, vídeo, láminas sobre o tema a tratar e posterior reflexión.

ACTIVIDADES FINAIS

- Elaboración dun mural das normas da aula
- Dramatización dunha escena con todo o aprendido

Exemplos de actividades

Actividades iniciais

Actividade 1: Os alumnos sentaranse no centro da clase, libre de mesas. O mestre pedirá ós alumnos que se poñan de pé e digan como se chaman, como lles gustaría que os demais

Ile chamaran e o porqué deste nome, así como cal é o seu deporte favorito e por qué. O fin desta actividade é que os alumnos coñezan os nomes dos seus compañeiros, que se respecten mentres o compañeiro ou compañeira fala e expón as súas ideas e que se chamen polos seus nomes e non por motes ou etiquetas que crean os nenos.

Actividade 2: Para afianza os nomes dos compañeiros cantarán a canción de “Pedro roubou pan na casa de san Xoán..”, cada alumno deberá cantar a canción substituindo o nome de Pedro do compañeiro que teña sentada á súa dereita.

Actividade 3: Presentación dalgún debuxo, conto, etc., no que se vexa unha aula sen normas, un caos de tráfico, un empacho dunha persoa, un partido de fútbol sen regras...Formaranse grupos de 4 ou 5 nenos e nenas, ou como moito divídese a clase en dous grupos, que falarán sobre os tema elixido. Exporanse as conclusións de cada grupo e discutiranse. Elaboraranse viñetas que ilustren as conclusións finais.

Actividades de desenvolvemento

Actividade 4: A profesora relata situacións para suscitar a necesidade das normas que se queren instaurar, os alumnos e alumnas deben buscar normas que regularían esas situacións. Elaboraranse frases que expresen as normas elixidas e faranse carteis que as ilustren.

Actividade 5: Construirase unha táboa como a que segue por grupos:

NORMAS	VENTAXAS	INCONVINTES	DÚBIDAS

E farase unha posta en común.

Actividade 6: Traballarase a necesidade de sancións ou perda de privilexios.

Os propios alumnos e alumnas decidirán premios e sancións para situación de incumprimento de normas en pequeno grupo. Poranse en común e discutirase o adecuado ou non dos premios e castigos. Pódese elaborar un rexistro.

Actividade 7: Os alumnos e alumnas escribirán nun papel as acción boas que observaron nalgún compañeiro e pola cal o queren felicitar. Introducirano nunha caixiña que teña por título de “felicítote”. Os alumnos irán sacando de un en un os papeis da caixiña e leranos en alto.

Actividade 8: Os alumnos interpretaran por parellas unha acción que se opoña ó que establecen as normas de convivencia. De modo que os compañeiros terán que identificala, e entre todos buscar a forma axeitada de resolver esa situación utilizando o diálogo. Serán accións que se orixinan diariamente como o de non respectar o lugar nas filas, quitarlle un obxecto a un compañeiro, etc. En todo momento respectarase a quenda de palabra e as opinións dos compañeiros. O profesor explicará que a partir deste momento deben empregar o diálogo para evitar chegar ó conflito.

Actividades finais

Actividade 9: Organizarase o xuízo dalgún compañeiro polo incumprimento dalgunha norma. Escollerase ao grupo defensor, ao grupo da acusación, ao xuíz e ao xurado.

Actividade 10: Estratexia da dramatización:

Dramatizamos as seguintes accións:

- Pedir por favor as cousas
- Dar as grazas cando alguén nos da ou fai algo.
- Ser puntual, andar con presa para non chegar tarde.
- Dar os bos días ao entrar
- Chamar á porta antes de entrar.
- Cómo despedirnos dun amigo
- Cómo saudar a un coñecido ou amigo dos nosos pais
- Como despedirnos dunha persoa adulta que está na nosa casa.

Pódense facer todas as sesións que se precisen, é interesante que participen todos os alumnos. Esta actividade é máis efectiva cando se realiza periodicamente.

Criterios avaliación

- Adquire conceptos tales como norma, convivencia, tolerancia, respecto?
- Discrimina, respecta e adquire normas de convivencia?
- Concreta exemplos nos que o comportamento humano inflúe de maneira positiva ou negativa?
- escoita, inicia e mantén unha conversa?
- Respecta aos compañeiros?
- Observa a importancia de todos os membros do grupo para un fin común?
- Adquire habilidades básicas para a resolución pacífica de conflitos e ten unha actitude positiva para a mellora das relacións?

Tras as distintas reunións, os profesionais que vaian a levar a cabo este programa deberán concretar estes puntos en función do seu alumnado, clase, e modo de impartir a materia didáctica.

7.2. UNIDADE DIDÁCTICA 2: QUÉ EMOCIÓN!!!!

Xustificación

Este é un tema importante para incluír neste programa xa que a maioría da información que recibe o noso cerebro é de tipo emocional, e as reaccións e respostas que este elabora ante calquera situación, están rexidas por aspectos de tipo emocional. Por iso é importante que os nosos alumnos teñan os instrumentos emocionais necesarios, para que sexan eles mesmos os que valoren e aprendan a decidir cal é a resposta máis correcta ante cada situación, aprendan a poñerlle nome ás súas emocións e así tamén aprendan a interpretar as dos demais.

Obxectivos didácticos

- Identificar sentimentos e emocións propios e das demais persoas.
- Emitir sentimentos e emocións mediante as condutas verbais e non verbais.
- Coñecer a importancia das formas de cortesía (saúdo, despedida, gracias, perdón...)
- Valorar a importancia do respecto cara a un mesmo e cara aos demais.
- Aceptar as diferenzas interpersoais
- Valorarse e aceptarse positivamente.

Contidos

- As emocións (positivas, negativas)
- Fórmulas de cortesía
- O respecto
- Autoconcepto e autoestima
- As diferenzas interpersoais

Metodoloxía

Organización espazo – temporal

Esta unidade didáctica, levarase a cabo durante o 2º trimestre do curso, de forma transversal (rutinas aula, momento resolución conflitos...) e tamén dedicando unha hora semanal específica.

Polo tanto levaranse a cabo aproximadamente, 10 sesións de 50 minutos cada unha.

O espazo destinado para a realización destas sesións, será decidido polo mestre titor que a leve a cabo, pero na maioría dos casos será a aula do curso onde se vai traballar.

Agrupamentos:

Á hora de realizar os agrupamentos, organizaranse de modo que sexan flexibles e respondan ao obxectivo e tipo de actividade que pretende levarse a cabo. Hase de ter en conta que os agrupamentos deben estar pensados para atender á diversidade, posto que

favorecerá a integración dos alumnos (agrupamentos en forma de U invertida, grupos móbiles e flexibles...).

Recursos:

- Pizarra
- Xices
- Fichas de actividades
- Ordenadores.
- Retoproxector
- Bolígrafo, lapis e goma.
- Cores.
- Caderno de clase.

Actividades didácticas

Actividades tipo

ACTIVIDADES INICIAIS

- Actividades de presentación
- Asemblea, choiva de ideas sobre os distintos conceptos a tratar.
- Buscar palabras clave deste tema no diccionario, google...

ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO

- Actividades impresas sobre os contidos a traballar
- Expresión de emocións nas distintas linguaxes (oral, escrita, plástica, musical)
- Xogos onde se traballe as emocións, fórmulas de cortesía, respecto...
- Lectura dun conto, vídeo, láminas sobre o tema a tratar e posterior reflexión.

ACTIVIDADES FINAIS

- Elaboración dun mural de todo o aprendido.
- Dramatización dunha escena con todo o aprendido

Exemplos de actividades

Actividades iniciais

Actividade 1: Farase un sociograma para coñecer a relación dos noso alumnado. Un sociograma debe recoller as respostas de tres preguntas básicas:

- Con quen farías un traballo para sacar boa nota?
- Con quen xogas no recreo?
- Con quen non che gusta estar?

Actividade 2: Traballar emocións e sentimentos a través de narracións. Pódense empregar algunhas narracións como as recollidas no anexo.

Actividade 3: Pedímoslle ao alumnado que durante uns minutos pensen nalgunha calidade positiva que teñan: de carácter, compañeirismo, intelectual, deportiva, artística... Deberán anotar nunha folla entre tres e cinco desas características. A continuación en voz alta deberán dicir esas calidades comezando a frase do seguinte xeito: "Síntome satisfeito/a de..."

Actividades de desenvolvemento

Actividade 4: Fanse dous grupos na clase. Cada grupo porase en fronte ao outro, formando dúas columnas. Cada quen diralle ao que ten en fronte unha cousa que non lle guste del. A continuación este respóndelle ao compañeiro. Cando rematen todos farase unha segunda rolda na que cada quen diga algo que lle guste do que ten en fronte.

Actividade 5: Pedirase aos nenos e nenas que elaboren un diario (por exemplo durante 7 días) no que escriban o que fixeron cada día, cousas boas e como sentiron. Despois de que pase a semana pódese facer unha posta en común recalcando as cousas positivas e animándoos a continuar con esa actividade.

Actividade 6: Elixiremos algunha situación (agradable ou desagradable) e pedirémoslle ao alumnado que escriba como se senten cando lles pasa a eles. Logo analizaranse os sentimentos de cada un ante as diferentes situacións.

Actividade 7: O grupo sentarase en círculo. Un alumno ou alumna ten que sentarse no centro do círculo. A continuación, todo o alumnado expresará algunha calidade boa sobre a persoa que está no centro, mirándoa á cara. Todo o alumnado pasará polo centro do círculo. Finalmente farase unha reflexión de como nos sentimos cando temos que dicir cousas boas aos demais e de como nos sentimos cando nos din cousas boas a nós.

Actividade 8: Cada neno e nena escollera o nome dun compañeiro/a ao azar e lle escribirá unha carta breve. Na carta poñeranse cousas agradables ou feitos positivos observados nesa persoa. A carta pode ir firmada ou non, segundo decidamos. Unha vez que todos redactaron as súas cartas, recóllense e entréganse aos seus destinatarios. Suxerímoslle que as lean dándose conta ben do sentido de cada frase. Por último poden escribir unha resposta dicindo as súas impresións e agradecendo a carta.

Actividades finais

Actividade 9: Recortar de revistas fotos nas que se amosen distintas emocións e separar as positivas das negativas. Cada alumno e alumna escenificará a súa foto e creará unha pequena historia respecto desa persoa. Pódese facer un mural cos recortes .

Actividade 10: Verbalizar e dramatizar as emocións que podemos sentir ou que poden sentir os demais cando:

- Recibes un regalo moi bonito.
- Sen querer, estragas o debuxo da túa compañeira.
- Invítante a pasar un fin de semana na casa da túa mellor amiga.
- Acércase a ti un can grande con cara de poucos amigos.
- Pérdete nun centro comercial.
- Es novo/a na aula e non coñeces a ninguén.
- Estás a pasalo moi ben no recreo cos teus compañeiros.

- Un compañeiro tírache do pelo.
- Caes e faste unha ferida no brazo.
- Aprobas todas as materias.

Criterios avaliación

- Identifica sentimentos e emocións propios e das demais persoas?
- Emite sentimentos e emocións mediante as condutas verbais e non verbais?
- Coñece a importancia das formas de cortesía (saúdo, despedida, gracias, perdón...)?
- Valora a importancia do respecto cara a un mesmo e cara aos demais?
- Acepta as diferencias interpersoais?
- Valorase e aceptase positivamente?

Tras as distintas reunións, os profesionais que vaian a levar a cabo este programa deberán concretar estes puntos en función do seu alumnado, clase, e modo de impartir a materia didáctica.

7.3. UNIDADE DIDÁCTICA 3: IMOS TRABALLAR XUNTOS!!!

Xustificación

Este é un tema importante para incluír neste programa, xa que o traballo de grupo colaborativo debería ser un ingrediente esencial en todas as actividades de ensinanza – aprendizaxe.

Aprender de forma cooperativa proporciona instrumentos cognitivos útiles para coñecer novas estratexias e habilidades, sobre todo nas tarefas que impliquen adquisición de conceptos, solución de problemas, retención e memoria, ademais proporciona medios adecuados para tratar na aula o tema da diversidade de alumnos, axudando a socializar a aqueles alumnos que viven máis centrados en si mesmos, e incentivando a cooperación fronte a competición.

Obxectivos didácticos

- Aprender a traballar en equipo
- Favorecer actitudes de axuda e colaboración
- Aceptar a formación de grupos diversos co fin de mellorar as relacións intergrupais
- Mostrar a importancia de saber traballar en equipo
- Aprender a resolver problemas

Contidos

- O traballo en equipo
- A responsabilidade
- Resolución de problemas
- Cooperación
- Relacións intergrupais

Metodoloxía

Organización espazo – temporal

Esta unidade didáctica, levarase a cabo durante o 3º trimestre do curso, de forma transversal (rutinas aula, momento resolución conflitos....) e tamén dedicando unha hora semanal específica.

Polo tanto levaranse a cabo aproximadamente, 10 sesións de 50 minutos cada unha.

O espazo destinado para a realización destas sesións, será decidido polo mestre titor que a leve a cabo, pero na maioría dos casos será a aula do curso onde se vai traballar.

Agrupamentos:

Á hora de realizar os agrupamentos, organizaranse de modo que sexan flexibles e respondan ao obxectivo e tipo de actividade que pretende levarse a cabo. Hase de ter en conta que os agrupamentos deben estar pensados para atender á diversidade, posto que

favorecerá a integración dos alumnos (agrupamentos en forma de U invertida, grupos móbiles e flexibles...).

Recursos:

- Pizarra
- Xices
- Fichas de actividades
- Ordenadores.
- Retoproxector
- Bolígrafo, lapis e goma.
- Cores.
- Caderno de clase.

Actividades didácticas

Actividades tipo

ACTIVIDADES INICIAIS

- Actividades de presentación
- Asemblea, choiva de ideas sobre os distintos conceptos a tratar.
- Buscar palabras clave deste tema no diccionario, google...

ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO

- Actividades impresas sobre os contidos a traballar
- Xogos e actividades que impliquen o traballo en equipo.
- Lectura dun conto, vídeo, láminas sobre o tema a tratar e posterior reflexión.

ACTIVIDADES FINAIS

- Elaboración dun mural de todo o aprendido.
- Dramatización dunha escena con todo o aprendido

Exemplos de actividades

Actividade inicial

Actividade 1: Organizamos grupos repartindo pezas de puzzles de forma que entre todos teñan que atopar os membros dos seus grupos. Despois cada grupo se xuntará e decidirá sobre o nome a poñerse. Cubrirán unha ficha cos seus nomes, cousas que teñen en común entre eles e cousas nas que se diferencien.

Actividade 2: Os grupos formados na actividade anterior porán en común o atopado. E verán se entre os membros dos diferentes grupos teñen tamén cousas en común e cousas que os diferencien.

Actividades de desenvolvemento

Actividade 3: Formaranse grupos. Cada un deberán recoller información a cerca de un tema e organizar un traballo conxunto que deberán expoñer na clase. Cando rematen deben falar sobre o que fixo cada membro do equipo e se creen que o grupo funcionou ben ou non e por qué.

ACTIVIDADE 4: Lemos o texto de Anthony de Mello “A pelexa do corpo” e organizámolo en forma de teatro

(<http://www.slideshare.net/Martalopa/aprendizaje-cooperativo-4453470>). Preparámolo e representámolo.

Actividade 5: Facemos un conto entre toda a clase. A profesora propón un comezo e cada alumno debe continuar cunha frase a historia. Ao rematar pódese propor un título e o final votarase o que máis nos gusta. Escribírase e ilustrárase.

Actividade 6: A maleta: un día o mestre chega a aula cunha maleta, con uns cantos obxectos dentro representativos dun trazo da súa personalidade, afeccións, habilidades,

defectos, manías etc. Vainos sacando e amosando a toda a clase explicando que representa cada obxecto.

Logo explícaselles que eso mesmo teñen que facer eles o día que se lles diga, traer a maleta e expoñer ó resto dos compañeiros e compañeiras o que decidiron traer.

Actividades finais

Actividade 7: Organizaremos unha saída. Dividiremos a clase por grupos e cada un encargárase dunha tarefa (comida, bebida, xogos...)

Actividade 7: Celebración día do Medio Ambiente.

Formaranse 10 grupos mixtos, compostos por todos os alumnos do centro de do 4º curso de Educación Infantil ó 6º curso de Educación Primaria.

Realizaranse 5 talleres de reciclado empregando distintos materiais (bolsas, papel, cartón, chapas, arandelas, botellas de plástico) e daráselles unha explicación sobre o reciclado destes materiais, a súa importancia e ensinaráselle a facer obxectos a partires de estes materiais de refugallo.

Tamén se realizaran xogos populares empregando distintos materiais de refugallo (botellas de plástico para bolos, pratos de plástico para xogar ó disco, cds e corcho para facer trompos, chapas de botellas para xogar ás chapas e bolas de papel metalizado para xogar á ra).

Criterios avaliación

- Traballa en equipo?
- Ten actitudes de axuda e colaboración?

- Acepta as formacións e grupos diversos co fin de mellorar as relacións intergrupais?
- Coñece a importancia de traballar en equipo?
- Coñece estratexias para resolver problemas?

Tras as distintas reunións, os profesionais que vaian a levar a cabo este programa deberán concretar estes puntos en función do seu alumnado, clase, e modo de impartir a materia didáctica.

8. ANEXO

NARRACIÓNS PARA A ACTIVIDADE 2 DA PÁXIMA 19

a. Autoconcepto físico

Pepa e Pepe, están moi tristes porque lles acaban de poñer gafas e cren que están moi feos con elas. Non queren ir con elas postas á clase, prefiren non ver o que se escribe no encerado e seguir cós problemas que lles ocasiona a falta de vista, porque cren que en canto entren na clase todos os seus compañeiros e compañeiras os mirarán e se rirán deles.

b. Seguridade e pertenza a unha familia

Esta é a familia de Yanira. Yanira está no centro, orgullosa e satisfeita. Os seus pais traballan nunha tenda e a súa avoa encárgase da casa. A Yanira gústalle a súa familia, séntese moi feliz nela. O que máis lle gusta é saír xuntos aos campo, á praia e a pasear. Algunhas veces pensa nos nenos que non teñen familia e non se imaxina como se amañan eles sos para saír adiante.

c. Autonomía e responsabilidade

Carliños é un bebe de once meses. Xa sabe andar e dicir algunhas palabras. Ri moito e pon uns ollos moi grandes cando mira ás persoas e cousas do seu arredor. É moi gracioso. Os seus pais non o perden de vista nin un minuto. Teñen medo a que lle pase algo ou que se lle ocorra facer calquera disparate. Teñen moita paciencia con el e axúdanlle en todo,

porque é moi pequeno e aínda ten que aprender moitísimas cousas. O del é comer, xogar e durmir. Todos lle rin as súas grazas e ninguén lle esixe nada. Para él non hai traballos nin deberes.

Lidia, a súa irmá, xa ten (6-7-8) anos e sente envexa pola sorte que ten Carliños. Na casa e no colexio constantemente lle están dicindo: Xa es maior!, tes que ser responsable!, ás veces pareces unha nena pequena!, ponte a facer isto e o outro!... e moitas cousas máis. Que vantaxes hai en ter (6-7-8) anos? pregúntase Lidia. Quizais fose mellor quedar como un bebé toda a vida, e así non habería responsabilidades, nin sacrificios, nin que ir ao colexio, nin xente detrás lembrándoches as túas obrigas a todas horas.

d. Autocontrol

Moitos alumnos póñense nerviosos cando teñen que ler en alto, saír ao encerado ou responder a algunha pregunta. Énchense de nervios e fan as cousas mal. Esquecen todo como si se volvesen parvos de repente. Pásano mal. Non é bo poñerse nervioso porque todo sae mal e pérdese a confianza nun mesmo. É mellor pensar: “fareino o mellor que poida e o demais non importa”.

e. Análise de problemas

Rebeca celebrou o sábado pasado o seu aniversario. Invitou as nenas da clase e fomos todos, menos Laura, unha nena boa e responsable, pero algo calada e illada dos demais.

Hoxe, cando ía para o colexio, atopeime con Laura e conteille o ben que o pasamos e pregunteille por que non fora. Púxose un pouco colorada e díxome unha serie de desculpas que non me convenceron moito.

Cando volvín do colexio comentei coa miña nai o de Laura e díxome que na súa familia tiñan problemas de diñeiro, porque o pai levaba moito tempo no paro. Quizais Laura non foi ao aniversario porque non podía levar ningún agasallo, nin vestir ben como os demais. A miña nai cre que Laura pode sentir algo de vergoña e por iso se aparta dos compañeiros da clase. Quedei pensativa, preguntándome como me sentiría eu se me pasase o mesmo.